

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 29/10/2020

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

Non asistentes

-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/10/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 1 de outubro de 2020.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de setembro de 2020

3. Toma de coñecemento das modificacións na representación en órganos colexiados do grupo municipal do Partido Popular de Vilagarcía

4. Ratificación, se procede, da Memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2019.

5. Dación de conta dos Informes de Morosidade do Concello e da Fundación de Deportes correspondentes ao 3º trimestre 2020.

6. Aprobación, se procede, do Manifesto do 25 de novembro do Consello Local da Muller.

7. Aprobación provisional, se procede, da Modificación Ordenanza fiscal I.5 do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

8. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal II.2 da Taxa de subministro de auga potable a domicilio.

9. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da ordenanza Fiscal II.5 da Taxa por depuración de augas residuais.

10. Aprobación, se procede, do Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2020 por importe de 7.328,47€

11. Aprobación, se procede, da solicitude de desafectación do uso escolar, dos terreos afectados pola obra "Retranqueo de Muro dos Colexios A Lomba e Arealonga na Rúa xunqueira (Mellora de Accesibilidade).

12. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG polo cese de actividade nos bancos marisqueiros que explota a Agrupación de mariscadoras a Pe de Carril.

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en apoio ao colectivo de emigrantes retornados

15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila para a colocación dunha cuberta e outras melloras na Escola Unitaria de Aralde.

16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía Común en nome da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

17. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila en nome da Plataforma SOS Sanidade Pública Galega

18. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común solicitando punto de realización de probas PCR no Hospital Comarcal do Salnés.

19. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a reactivación da asistencia sanitaria

20. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en

Común contra a trata e a prostitución, e polo peche de prostíbulos.

21. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para arranxo de beirarrúas de Avda. de Cambados, Agustín Romero e Rosalía de Castro.

22. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora do servizo de limpeza, aumento periodicidade recollida de voluminosos e erradicación de verquidos e puntos negros en Vilagarcía.

23. Comparecencia da Concelleira de Cultura Dona Sonia Outón Casal.

24. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

25. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

26. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

27. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Vecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 1 DE OUTUBRO DE 2020.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta de data 1 de outubro de 2020.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

Nº	DESCRICIÓN
1	Retrotraer actuacións expediente de licitación
3	Aprobación de liquidacións
3	Notificación inclusión imposto de actividades
1	Aprobación de liñas fundamentais do orzamento
1	Aprobación expediente Intervención 14/TC/2020
5	Recoñecemento de obriga de facturas e/ou certificacións
1	Ratificación resolución expte. Intervención 2020/1131
5	Aprobación de expediente de modificación de créditos por xeración
1	Concesión de licenza de animais potencialmente perigosos
14	Inicio de expediente sancionador por infracción de horarios
1	Corrección de erro pago Plan de Pensións
1	Aboamento servizos prestados en domingos
1	Desconto ausencias alumnos Escola Obradoiro
1	Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
6	Nomeamento de funcionario/a interino/a
1	Nomeamento de tribunal de selección Programa Deputación Provincial de Pontevedra
1	Aboamento de vacacións non gozadas
8	Substitución de posto de traballo de categoría superior
3	Recurso contencioso administrativo expte. Reclamación responsabilidade patrimonial
4	Aprobación Plan de Seguridade e Saúde no Traballo
3	Aprobación de pregos de licitación

6	Estimación/desestimación rateo no IVTM
2	Estimación/desestimación Beneficios fiscais no IVTM
1	Estimación recibos
2	Estimación Taxas e prezos
2	Pago axudas emerxencia social
1	Pago axudas activación económica
9	Ordes de pagos varios
2	Pago de préstamos
1	Licenza para obras de ampliación de rede eléctrica
2	Declaración de ineficacia de comunicación previa
4	Licenza de vao permanente
6	Licencia de acometida de auga e/ou saneamento
2	Licenza de obra menor
2	Licenza de acometida na rede de canalización de gas
58	Comunicación previa para realización de obras
1	Prórroga comunicación previa para realización de obras
4	Licenza de segregación de parcelas
9	Licenza de obra maior
1	Desestimento e arquivo comunicación previa para realización de obras
1	Corrección erros en resolución por erro na situación
1	Pago indemnización pola imposibilidade legal de execución de sentenza
7	Expedientes deber de conservación
2	Pago de anuncios no BOP ou DOG
1	Precinto Local
1	Recurso contencioso administrativo expte. Xerencia de Urbanismo
1	Expte. De reposición da legalidade urbanística
1	Retirada precinto Local

TOTAL 195

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS MODIFICACIÓNS NA REPRESENTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VILAGARCÍA . Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal do PP de escrito comunicando a modificación dos representantes do citado grupo nos seguintes órganos:

1º CONSELLO ESCOLAR:

- IES CASTRO ALOBRE: D. MANUEL MENDEZ VARELA
- CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL: D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ

8º FUNDACIÓN FEXDEGA: DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN

9º CONSELLO LOCAL DE CONSUMO: D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ

12.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUEMENTO DO ACORDO MARCO E CONVENIO COLECTIVO:

- ACORDO MARCO: DONA YOLANDA BOVEDA DIAZ
- CONVENIO COLECTIVO. DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
- COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSIÓNS: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN

14º MESA DE CONTRATACIÓN:

- Titular: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN
- Suplente: D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

17º COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL: D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

20º FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS - FPSDM: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN.

21º MESA LOCAL DE COMERCIO. D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ

22ª CONSELLO LOCAL DA 3ª IDADE: D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

COMISIÓNS INFORMATIVAS:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS:

Titulares:

- D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
- D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ
- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ

Suplentes:

- DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN
- D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE:

Titulares:

- D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
- D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

Suplentes:

- DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN
- D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MOBILIDADE:

Titulares:

- D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
- DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN
- D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ

Suplentes:

- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
- D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E PROMOCIÓN ECONÓMICA:

Titulares:

- D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
- D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
- DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN

Suplentes:

- D. JUAN MARCOS ALCALDE VAZQUEZ
- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2019. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2019, desagregadas nos seguintes apartados:

1.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.

1.1.1.- Curso 2018-19.

1.1.2.- Curso 2019-20.

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.- Curso 2018-19.

1.2.2.- Curso 2019-20.

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.- Curso 2018-19.

1.3.2.- Curso 2019-20.

1.4.- Escolas Náuticas Municipais.

1.4.1.- Escola de Vela.

1.4.2.- Escola de Piragüismo.

1.4.3.- Escola de Remo.

1.4.4.- Escola de Salvamento.

2.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2018-19.

2.1.1.- Curso de Ximnasia de Mantemento.

2.1.2.- Curso de Ximnasia Acuática.

2.1.3.- Curso de Aeróbic.

2.1.4.- Curso de Badminton.

2.1.5.- Curso de Tai Chi.

2.1.6.- Curso de Ioga.

2.1.7.- Curso de Pilates.

2.1.8.- Curso de Ximnasia Funcional.

2.1.9.- Curso de Adestramento en Circuito.

2.1.10.- Curso de Estiramientos.

2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2018-19.

2.2.1.- Curso de Ximnasia de Mantemento.

2.2.2.- Curso de Ximnasia Acuática.

2.2.3.- Curso de Aeróbic.

2.2.4.- Curso de Badminton.

2.2.5.- Curso de Tai Chi.

2.2.6.- Curso de Ioga.

2.2.7.- Curso de Pilates.

2.2.8.- Curso de Ximnasia Funcional.

2.2.9.- Curso de Adestramento en Circuito.

2.2.10.- Curso de Estiramientos.

2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2019-2020.

2.2.1.- Curso de Ximnasia de Mantemento.

2.2.2.- Curso de Ximnasia Acuática.

2.2.3.- Curso de Aeróbic.

2.2.4.- Curso de Badminton.

2.2.5.- Curso de Tai Chi.

2.2.6.- Curso de Ioga.

2.2.7.- Curso de Pilates.

2.2.8.- Curso de Ximnasia Funcional.

2.2.9.- Curso de Adestramento en Circuito.

2.2.10.- Curso de Estiramientos.

4.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

4.1.- Actividades Físico-Recreativas para Adultos.

4.2.- Escola Multideportiva de Verán.

4.3.- Torneos de Verán.

- 4.3.1.- XVII Torneo de Tenis de Verán.
- 4.3.2.- III Torneo de Badminton Dobres.
- 4.3.3.- XVI Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía
- 4.3.4.- XXVII Memorial Adolfo Pedrido de xadrez.
- 4.4.- Vilagarcía a Mares.
- 4.4.1.- LVI Travesía a nado ao Porto de Vilaxoán.
- 4.4.2.- XXV Bandeira Concello de Vilagarcía de traíñas.
- 5º.- XIII XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO.
- 6.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.
- 6.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.
- 6.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación da Memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2019.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a ratificación da Memoria de Actividades Deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2019.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2020: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do terceiro trimestre de 2020, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.616.078,57	1.145.119,11
Investimentos reais	300.083,72	175.386,47
Outros pagos realizados por operacións comerciais	449,57	
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.916.611,86	1.320.505,58

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.394.988,29	99.424,20
Investimentos reais	641.696,28	55.546,71
Outros pagos realizados por operacións comerciais	630,74	
Pendientes de aplicar a Orzamento	279.657,99	155.543,96

TOTAL	2.316.973,30	310.514,87
-------	--------------	------------

Período medio de pago: 58,64 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	60.325,64	1.000,89
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	60.325,64	1.000,89

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	42.670,16	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	42.670,16	

Período medio de pago: 29,49 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO 25 DE NOVEMBRO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

A Asemblea Xeral de Nacións Unidas designou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller, para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e lamar políticas en todos os países para a súa erradicación.

Dita declaración reafirmaba que a violencia contra as mulleres era un obstáculo para o logro da igualdade, o desenvolvemento e a paz; e un atentado aos dereitos humanos das mulleres e as súas liberdades fundamentais.

O Consello Local da Muller de Vilagarcía asumiu dende hai anos a labor de pór de manifesto estas demandas e de expresar ano tras ano a nosa repulsa e o noso rexeitamento cara quen exerce este tipo de violencia, pero tamén cara quen non fai nada para evitala ou axuda a perpetuala, tanto de maneira individual coma de maneira institucional ou incluso servíndose da súa representatividade social e política para desacreditala ou negar a súa existencia.

Para contribuír á nosa labor, este ano queremos facer un especial fincapé na necesidade de visibilizar todos os tipos de violencias que sufrimos as mulleres de xeito específico e que en moitas ocasións están ocultos e invisibilizados tralo horror dos asasinatos que actúan como punta do iceberg. Só se a sociedade consegue identificar e recoñecer todas e cada unha das violencias machistas, daremos un paso máis na súa erradicación.

No que vai de ano, segundo fontes oficiais foron 36 mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas en España. Fontes que teñen en conta un concepto máis amplo de violencia cara as mulleres, falan de 74. Neste contexto, entrarían tamén as mulleres asasinadas por homes cos que non mantiñan ningún tipo de relación, familiares asasinados ou crianzas.

Ademais disto, as medidas de confinamento adoptadas como resposta á pandemia sanitaria que estamos a sufrir por mor do coronavirus deixaron ás mulleres que sofren violencia dentro da

parella, nunha situación de extremo perigo e indefensión.

As chamadas ao 016 durante o período de confinamento aumentaron nun 41% e as consultas telemáticas subiron nun 450%. Ese momento, no que tomou especial relevancia o espazo privado, puxo de manifesto a vulnerabilidade de moitas mulleres e dos seus fillos e fillas, que tiveron que pasar esa situación en fogares cheos de medo, abuso e violencia.

A violencia cara as mulleres existe e non é un problema individual, nin propio dos espazos privados, senón que é un gravísimo problema público produto do sistema patriarcal no que vivimos e onde os feminicidios son a manifestación máis extrema de todas as violencias que día a día sufrimos as mulleres ao longo das nosas vidas e que é preciso que se visibilicen.

Non queremos nin unha muller asasinada máis, pero tampouco queremos nin unha máis en perigo, con medo, nin violada, nin acosada, nin que aínda sendo vítima se lle fagan xuízos sociais paralelo, nin humillada, nin cousificada, nin marxizada pola súa idade, orixe ou diversidade sexual, nin discriminada laboralmente, nin con traballos precarizados só por pertencer a sectores feminizados, nin obrigadas a quedar relegadas ao ámbito privado polo ancestral reparto de roles en función do sexo, nin con salarios máis baixos, nin invisibilizadas no seu traballo diario de coidados, nin obrigadas a coller traballos a tempo parcial por non poder acollerse a medidas de conciliación, nin que teñan que levar a cabo unha dobre xornada de traballo porque nos seus fogares non existe un reparto equitativo dos traballos de coidados ou porque non existen recursos públicos para atender a esas necesidades.

Ocultar estas desigualdades que sufrimos as mulleres de xeito específico forma parte do heteropatriarcado e da súa intención de manter vivo o seu poder. É preciso visibilizalas. É preciso identificalas. É preciso non toleralas.

Necesitamos que isto sexa unha labor que se leve a cabo dende todos os ámbitos da sociedade e que haxa unha intervención tanto individual coma colectiva. Son necesarias políticas de igualdade dende as administracións públicas e tamén unha educación e sensibilización en valores igualitarios a toda a cidadanía. Pero, sobre todo, é necesario revalorizar ás mulleres tanto nos espazos privados coma nos públicos e que son esenciais para a vida, tal e como se está a demostrar nestes momentos de pandemia sanitaria.

Educar no feminismo é imprescindible para poder vivir e convivir baixo os modelos de liberdade, respecto e xustiza social.

Con todo isto, dende o CLM, queremos facer un chamamento toda a cidadanía de Vilagarcía: eduquemos en igualdade, rompamos os estereotipos sexistas, rompamos coa cultura da tolerancia e negación das violencias machistas, identifiquemos as desigualdades de xénero, valoremos a aportación das mulleres como parte imprescindible para a vida, valoremos o traballo de coidados como traballo esencial e levemos a cabo un reparto deste tipo de traballos dentro dos nosos fogares.

Por outra parte solicitamos ao Concello :

- Que considere as políticas de igualdade entre mulleres e homes prioritarias e irrenunciáveis, porque atacan de raíz as violencias machistas.
- Que se converta no principal axente na loita contra as violencias machistas, de xeito activo, implicando a toda a cidadanía e trazando estratexias en todas as áreas, na educación, na mocidade, no emprego.
- Que se comprometan a dotar de orzamentos precisos e a reforzar recursos a prol da atención e protección específicas ás vítimas de violencias machistas.

A loita contra a violencia de xénero non pode ser cuestión dun día nin estar só en mans das mulleres.

Esta loita debe ser unha constante nas nosas vidas e un compromiso por parte de toda a cidadanía.

O Consello Local da Muller solicita ao Pleno do Concello que asuma este Manifesto como propio e participe da súa lectura no acto que se decida, consonte as restricións, o vindeiro 25N

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo

tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do 25 de novembro do Consello Local da Muller.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar o Manifesto do 25 de novembro do Consello Local da Muller.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A continuación procédese ao debate conxunto dos asuntos incluídos na orde do día cos números 7, 8 e 9, procedéndose posteriormente á votación separada de cada un deles.

7.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL I.5 DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº I.5 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

PRIMEIRO.- A proposta que se somete á aprobación do Pleno consiste na variación dos puntos 3.2, 3.3 e 3.4 do artigo 4 (procedemento de concesión de beneficios fiscais):

A valoración da discapacidade e da minusvalía contén unha extensa normativa, que fai necesario aclarar determinados aspectos para tramitar os expedientes de exención do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Por iso propónse a modificación do art. 4 no apartado 3.2 no seguinte sentido:

3.2.- Para o outorgamento da exención prevista aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo equipo de valoración de discapacidades da Xunta de Galicia, carné de conducir, copia da póliza do seguro do vehículo no que constará aquel como único condutor/a e xustificante de pago do seguro.

No seu caso, será necesario homologar a incapacidade recoñecida polo INSS co grado de discapacidade outorgado pola Xunta de Galicia.

Por outra parte, en relación ao procedemento de concesión de beneficios fiscais para vehículos destinados para o transporte de persoas con discapacidade a ordenanza establece que a exención aplicarase cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía no que conste a asistencia por terceira persoa ou limitacións para a utilización para o transporte público, ou cando a porcentaxe de minusvalía fose igual ou superior ao 80%. Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo este o único condutor que figurará na póliza do seguro como condutor/a do vehículo. En caso contrario, non será de aplicación a exención solicitada.

Considerando a problemática que suscita na aplicación práctica a existencia dun único condutor que asiste á persoa con discapacidade, dado que habitualmente son persoas da propia familia, que se van alternando segundo a súa dispoñibilidade, propónse a modificación do artigo 4 no apartado 3.3, que quedaría do seguinte xeito:

3.3.- Para o caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía onde conste algún dos seguintes supostos:

a) Necesidade de asistencia por terceira persoa

b) limitacións para a utilización do transporte público

c) unha porcentaxe de minusvalía igual ou superior ao 80%.

Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo este o único que figurará na póliza do seguro como condutor do vehículo. En caso contrario non será a aplicación a exención solicitada.

Non obstante, será recoñecida a exención no Imposto cando exista mais de un condutor autorizado, no caso de que o titular do vehículo teña recoñecida a asistencia por terceira persoa e, ademais, o grado de minusvalía sexa igual ou superior ao 80%.

A introdución do punto 2.2 no artigo 4 obriga a modificar tamén o punto 3.4, para adaptalo á existencia de varios tipos de bonificación, quedando a súa redacción como se expresa a continuación.

3.4.- As bonificacións previstas no punto 2 deste artigo terán carácter rogado. Os suxeitos pasivos deberán solicitalas ao Concello antes do 31 de decembro do exercicio anterior ao que comece a ser de aplicación. Achegarase a seguinte documentación: fotocopia do DNI, fotocopia do permiso de circulación, fotocopia da ficha técnica, e, no seu caso, documento que xustifique a antigüidade do vehículo.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal I.5 do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1) e Marea da Vila (1), cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5) , e un voto en contra, do/a Concelleiro/a pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1.% do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica consiste na variación dos puntos 3.2, 3.3 e 3.4 do artigo 4 (procedemento de concesión de beneficios fiscais):

A valoración da discapacidade e da minusvalía contén unha extensa normativa, que fai necesario aclarar determinados aspectos para tramitar os expedientes de exención do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Por iso propónse a modificación do art. 4 no apartado 3.2 no seguinte sentido:

3.2.- Para o outorgamento da exención prevista aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo equipo de valoración de discapacidades da Xunta de Galicia, carné de conducir, copia da póliza do seguro do vehículo no que constará aquel como único condutor/a e xustificante de pago do

seguro.

No seu caso, será necesario homologar a incapacidade recoñecida polo INSS co grado de discapacidade outorgado pola Xunta de Galicia.

Por outra parte, en relación ao procedemento de concesión de beneficios fiscais para vehículos destinados para o transporte de persoas con discapacidade a ordenanza establece que a exención aplicarase cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía no que conste a asistencia por terceira persoa ou limitacións para a utilización para o transporte público, ou cando a porcentaxe de minusvalía fose igual ou superior ao 80%. Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo este o único condutor que figurará na póliza do seguro como condutor/a do vehículo. En caso contrario, non será de aplicación a exención solicitada.

Considerando a problemática que suscita na aplicación práctica a existencia dun único condutor que asiste á persoa con discapacidade, dado que habitualmente son persoas da propia familia, que se van alternando segundo a súa dispoñibilidade, propónse a modificación do artigo 4 no apartado 3.3, que quedaría do seguinte xeito:

3.3.- Para o caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía onde conste algún dos seguintes supostos:

- a) Necesidade de asistencia por terceira persoa
- b) limitacións para a utilización do transporte público
- c) unha porcentaxe de minusvalía igual ou superior ao 80%.

Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo este o único que figurará na póliza do seguro como condutor do vehículo. En caso contrario non será a aplicación a exención solicitada.

Non obstante, será recoñecida a exención no Imposto cando exista mais de un condutor autorizado, no caso de que o titular do vehículo teña recoñecida a asistencia por terceira persoa e, ademais, o grado de minusvalía sexa igual ou superior ao 80%.

A introdución do punto 2.2 no artigo 4 obriga a modificar tamén o punto 3.4, para adaptalo á existencia de varios tipos de bonificación, quedando a súa redacción como se expresa a continuación.

3.4.- As bonificacións previstas no punto 2 deste artigo terán carácter rogado. Os suxeitos pasivos deberán solicitalas ao Concello antes do 31 de decembro do exercicio anterior ao que comece a ser de aplicación. Achegarase a seguinte documentación: fotocopia do DNI, fotocopia do permiso de circulación, fotocopia da ficha técnica, e, no seu caso, documento que xustifique a antigüidade do vehículo.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.2 DA TAXA DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2021.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do Art. 9 da O.F. Nº II.2 e modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros conforme á actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do -0,60% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2019 a xullo/2020), con efectos para o 2021, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín, ca excepción da tarifa por desprecintado para reposición de subministro e outra por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos, en ambos casos por importe de 18,48 €, que non estaba prevista na ordenanza do 2020 nin anteriores.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín para os prezos das acometidas, contadores e outros, coa excepción da tarifa por desprecintado para reposición de subministro e outra por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos, en ambos casos por importe de 18,48 €, que non estaba prevista na ordenanza do 2020 nin anteriores.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal II.2 da Taxa por subministro de auga potable a domicilio.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín para os prezos das acometidas, contadores e outros, coa excepción da tarifa por desprecintado para reposición de subministro e outra por reposición de subministro despois dun corte por solicitude de baixa ou por impago de recibos, en ambos casos por importe de 18,48 €, que non estaba prevista na ordenanza do 2020 nin anteriores.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.5 DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2021.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da TAXA de depuración de augas residuais para o 2021, conforme á actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do -0,60% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2019 a xullo/2020), con efectos para o 2021, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da TAXA de depuración de augas residuais para o 2021.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal II.5 da Taxa por depuración de augas residuais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2021.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 04/REC/2020 POR IMPORTE DE 7.328,47 €: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados contidos relación contable de operacións pendentes de aplicar o orzamento (en adiante OPAS), nº D/2020/4 confeccionada pola Intervención municipal, que comprende xustificantes de gasto correspondentes a contratos menores de submnisitros e servizos executados no exercicio 2019 pero que tiveron entrada no rexistro contable durante o terceiro trimestre do exercicio 2020, e que pola súa natureza non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de Execución do orzamento.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relación de operacións pendentes de aplicar o orzamento anexa á providencia de alcaldía Nº D/2020/4 por importe de 7.328,47 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de contratos servizos, subministracións efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2020 por importe de 7.328,47 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á

providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2020, para os xustificantes de gasto comprendidos de facturas F/2020/103 derivada da relación de OPAS D/2020/4, e que suman un importe global de 7.328,47 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 04/REC/2020 por importe de 7.328,47 €

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2020, para os xustificantes de gasto comprendidos de facturas F/2020/103 derivada da relación de OPAS D/2020/4, e que suman un importe global de 7.328,47 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE DESAFECTACION, DO USO ESCOLAR, DOS TERREOS AFECTADOS POLA OBRA “RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA RUA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)”: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concellería de Urbanismo, do seguinte teor:

Dentro das múltiples estratexias a favor dos medios de transporte sostibles realizadas, o Concello de Vilagarcía de Arousa está apostando polo peón e a bicicleta como principal alternativa ao emprego do vehículo privado.

Nas últimas décadas a percepción da necesidade dun cambio de paradigma na maneira de moverse nas cidades converteuse no centro focal do urbanismo teórico e aplicado. O modelo de cidade que se implantou no mundo occidental esqueceu a escala do humano e as súas necesidades, como son a vida social, a proximidade dos servizos, as relacións e a necesidade de levar unha vida san. Polo contrario, priorizouse a independencia e aillamento das familias en barrios periféricos e á descentralización dos servizos.

O coche xurde como solución para acceder a lugares aos que a diario é necesario chegar como son o traballo, a escola ou o comercio. Planificar unha cidade non é un proceso doado, nin se fai un día nin dunha década para outra. Mudar certos costumes, tampouco. Pero é posible. E, ademais, necesario. Todos os días lemos, vemos ou escoitamos noticias que nos falan das medidas que, a nivel global, se están adoptando para facer cidades máis saudables e sustentables.

Polo tanto, dende a nosa esfera, a esfera local, non podemos ser alleos a ese camiño. Temos o

privilexio de vivir nunha cidade fermosa sen apenas accidentes xeográficos que supoñan impedimento serio para a mobilidade, o que sen dúbida favorece ese obxectivo común de facer cidades máis amables, onde .manden. os peóns e non os vehículos de motor, nas que as persoas sexan protagonistas do espazo público. Por iso as políticas de humanización de rúas e prazas, pero tamén, complementariamente, as accións para favorecer unha mobilidade sustentable.

Na Zona escolar de A Lomba, existen hoxe en día 4 centros educativos:

ESCOLA INFANTIL BONECOS

CEIP A LOMBA

CEIP AREALONGA

CEI VAGALUME

CENTROS:

EI VAGALUME:

Este centro de Educación infantil posúe o seguinte horario lectivo: Horario lectivo- 9:15-14:00, 9:15-14:15.

En torno a uns 13 alumnos que se acóllense ao Plan Madruga, os cativos máis madrugadores chegan en torno ás 7:30-8:45. O centro posúe 2 aulas por cada curso sendo o número total de alumnos de 100, de idades comprendidas entre os 3 e os 5 anos. O centro non dispón de transporte escolar. O número total de docentes é de 11, máis unha profesora compartida con outro centro.

CEIP A LOMBA:

O actual CEIP A Lomba é o máis novo dos colexios do ámbito escolar A Lomba, xa que substitúe o antigo colexio que levaba o seu nome, construído nos anos 70.

Os horarios de entrada e saída do centro son os seguintes:

- Horario lectivo: 9:15 - 14:15

- Saída do comedor: 15:10-15:30

Aproximadamente entre 15 e 20 alumnos acóllense ao plan madruga, chegando ao centro escolar ao redor das 7:45. Total de alumnado: 345 nenos e nenas. O centro conta con 8 rutas de transporte escolar, máis 3 rutas de comedor co colexio Anexo A Lomba.

CEIP AREALONGA:

Este centro de Educación infantil posúe o seguinte horario lectivo: Horario lectivo- 9:15-14:00, 9:15-14:15. Son en torno a uns 20 alumnos os que se acollen ao Plan Madruga, que chegan en torno ás 7:45. Total de alumnado: 246 nenos e nenas.

O centro conta con transporte escolar.

ESCOLA INFANTIL DE VILAGARCÍA DE AROUSA, BONECOS:

Esta escola infantil pasa por ser unha das máis importantes polo número de pequenos e pequenas de toda Galicia. Tendo en conta que a idade dos nenos e nenas que acuden a este centro failles completamente dependentes dos seus titores, é realmente importante o modo de acceso dos cativos.

O centro está aberto de 7:30 a 20:30. Os horarios de maior afluencia son de 9:00 a 10:00, de 13:00 a 14:00 e de 15:15 a 16:00. O centro carece de Plan Madruga, sendo escasos os alumnos que acoden ao centro antes das 8:30. Total de alumnos: 198 nenos e nenas.

En definitiva o número total de pequenos que acceden cada mañana ao ámbito de estudio en diferentes medios de transporte: 889, ademais dos tutores acompañantes e os profesionais educativos, o que duplica o número de persoas que acoden diariamente por este ámbito escolar. Isto significa, que sin contar servizos, persoal administrativo, mestres e outros, alcanzamos as 1600 persoas.

A rúa Xunqueira sobre a que se pretende realizar este investimento, é unha rúa que ao longo dos anos quedou obsoleta e en pésimo estado, non mellorou nin a nivel estético nin de mobilidade nin de accesibilidade, está exactamente igual que nos anos 70-80. Nin que decir ten que é unha das principais rúas de Vilagarcía a nivel de intensidade e mobilidade de persoas, pero especialmente de cativos e persoas maiores que diariamente acompañan aos mesmos, e que, o actual equipo de goberno no seu afán de mellorar a accesibilidade e a mobilidade das persoas puxo dende o primeiro momento o seu foco de atención, de feito, nos últimos 4 anos mellorouse substancialmente o barrio de Matosinhos, pasando, de ser un barrio residual e moi mal conservado, a ser un barrio con moito espazo para o peón e para os rapaces que por alí pasan e

xogan todos os días, con zonas verdes e mobiliario urbano para desfrutar dun novo entorno moi agradable e accesible.

É necesario que apoiemos todas as medidas posibles para que os rapaces poidan acudir á escola sos ou ben acompañados dos seu titores pero sen necesidade de ir en coche, é máis, é necesario que os rapaces poidan acudir camiñando, en bicicleta ou ben en patíns, que fagan exercicio, que usen a mobilidade sostible, tan necesaria, tanto para a saúde dos rapaces e dos pais, como para o resto dos cidadáns posto que mellorando a mobilidade e a accesibilidade das nosas rúas, diminuímos CO₂, hoxe tan nocivo para a nosa saúde.

Co investimento denominado “RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA RUA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)” preténdese que a rúa Xunqueira poida ser accesible e mellorar a seguridade vial, especialmente peonil e na que se priorice a mobilidade sostible, retranqueando o muro existente dos colexios A Lomba e Arealonga en 2m cara ás fachadas dos centros escolares para conseguir máis espazo en sección vial, propoñéndose a demolición do muro actual e o levantamento doutro equidistante dous metros daquel para gañar largura de vial. O novo muro estará conformado por unha base corrida de formigón de 50cm de altura, completando cun vavalado metálico modular composto por paneis galvanizados en quente formado por dous postes tubulares cadrados, e con isto facilitar o acceso aos citados centros escolares e, en xeral, a mobilidade tódolos usuarios desta rúa.

A zona a desafectar sería a que se reflicte no plano que se achega a esta proposta e cuxa superficie é de 275,54 m² con fronte a rúa Xunqueira.

Visto o que antecede propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación, do uso escolar, dun franxa de terreo de 275,54 m², con fronte á rúa a Xunqueira para poder levar a cabo a obra de “RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA RUA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)”

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da solicitude de desafectación do uso escolar, dos terreos afectados pola Obra "Retranqueo de muro dos Colexios A Lomba e Arealonga na Rúa Xunqueira (Mellora de Accesibilidade).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e Marea da Vila (1) e 7 abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a desafectación, do uso escolar, dun franxa de terreo de 275,54 m², con fronte á rúa a Xunqueira para poder levar a cabo a obra de “RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA RUA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)”

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Rolando Vidal Mouriño, Presidente da Agrupación de Mariscadoras de Carril para expoñer a situación actual das mariscadoras de Carril.

- Dona Lucia González Chorén, representante da ANPA da Unitaria de Aralde, para expoñer o contido da moción presentada polo Grupo Municipal de Marea da Vila en relación coa Escola de Aralde.

- D. Xosé Lois Leirós Gude, en representación da Plataforma Comarcal de Emigrantes Retornados para expoñer a situación actual do problema dos/as emigrantes retornados en Galiza.

O Sr. Alcalde indica que se retiraron as tres solicitudes citadas de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG POLO CESE DE ACTIVIDADE NOS BANCOS MARISQUEIROS QUE EXPLOTA A AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS A PÉ DE CARRIL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 21 de outubro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN POLO CESE DE ACTIVIDADE NOS BANCOS MARISQUEIROS QUE EXPLOTA A AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS A PÉ DE CARRIL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril están pasando unha difícil situación como consecuencia da redución drástica da produción dos bancos marisqueiros que traballan.

No inverno pasado, houbo toda unha serie de temporais que danaron de moita consideración os recursos dos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia Compostela-A Concha. No primeiro produciuse unha mortalidade do 82% na ameixa fina, 97% no berberecho e do 78% na ameixa xapónica. No banco da praia Compostela-A Concha a mortalidade da ameixa babosa foi do 98%, do berberecho do 76% e da xapónica do 45%.

O recente temporal Alex, veu a agravar a situación até facela insostíbel. Nos bancos da praia Compostela-A Concha produciuse un novo dano sobre o recurso marisqueiro pola acción combinada da acumulación de algas e o movemento dos fondos que orixinou un escalón a modo de muro ao longo de toda a praia.

A consecuencia destes temporais temos que unha agrupación formada por 86 persoas leva

meses sobrevivindo cun nivel de produción de pouco máis do 20%. Unha agrupación que realizou un investimento de arredor de 80.000 euros en semente no banco de Compostela-a Concha no obxectivo de poder centrar as vindeiras campañas, fundamentalmente a do nadal, no mesmo; mais a realidade é que se encontran co recursos minguado.

Diante desta situación teñen solicitado á Consellaría do Mar que decrete un cese de actividade por un período de seis meses nos dous bancos que explotan para permitir a recuperación dos mesmos. Non realizar este significaría unha sobre-explotación do escaso recurso e hipotecar definitivamente as campañas futuras.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Consellaría do Mar a decretar un cese de actividade, por un período de seis meses, nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia A Concha-Compostela que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril, para permitir a recuperación dos recursos marisqueiros nos mesmos, minguados pola altísima mortalidade producida polos temporais do pasado inverno e do recente "Alex".

Vilagarcía de Arousa, 18 de outubro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG polo cese de actividade nos bancos marisqueiros que explota a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP do seguinte teor:

Instar á Consellaría do Mar a decretar un cese de actividade, por un período de seis meses, nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia A Concha-Compostela que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril, cumprindo o procedemento en base ós informes técnicos (segundo o artigo 21 do decreto 153/2019) para permitir a recuperación dos recursos marisqueiros nos mesmos, minguados pola altísima mortalidade producida polos temporais do pasado inverno e do recente "Alex".

- A Concelleira do grupo político municipal do BNG acepta a moción presentada, coas seguintes modificacións:

Instar á Consellaría do Mar a decretar un cese de actividade, por un período de cinco meses, nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia A Concha-Compostela que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril, cumprindo o procedemento en base ós informes técnicos emitidos nos últimos 20 días e referidos unicamente ao marisqueo a pé (segundo o artigo 21 do decreto 153/2019) para permitir a recuperación dos recursos marisqueiros nos mesmos, minguados pola altísima mortalidade producida polos temporais do pasado inverno e do recente "Alex".

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa emenda do grupo político municipal do PP e modificacións da mesma, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción coa emenda aceptada e Instar á Consellaría do Mar a decretar un cese de actividade, por un período de cinco meses, nos bancos marisqueiros dos Lombos do Ulla e da praia A Concha-Compostela que explotan a Agrupación de Mariscadoras a Pé de Carril, cumprindo o procedemento en base ós informes técnicos que deberán ser emitidos no prazo de

20 días e referidos unicamente ao marisqueo a pé (segundo o artigo 21 do Decreto 153/2019) para permitir a recuperación dos recursos marisqueiros nos mesmos, mingoados pola altísima mortalidade producida polos temporais do pasado inverno e do recente "Alex".

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN APOIO AO COLECTIVO DE EMIGRANTES RETORNADOS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 18 de outubro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN EN APOIO AO COLECTIVO DE EMIGRANTES RETORNADOS/AS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG, recolle unha vez máis, as demandas da Plataforma Comarcal do Salnés, da Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados, na súa loita por acadar igualdade e xustiza fiscal:

O colectivo das e dos emigrantes retornados galegos levamos anos loitando contra o inxusto trato que o goberno central aplica na tributación das nosas pensións. Desde comezos do 2013 fomos agrupando os nosos esforzos a través de numerosas plataformas comarcais para reivindicar xustiza e dignidade.

Somos milleiros de galegos e galegas que despois de ter que emigrar na busca de traballo e oportunidades para conseguir para nós e as nosas familias un futuro, decidimos volver á nosa terra, reencontrarnos cos nosos e pasar os nosos últimos anos disfrutando despois de anos de traballo. Mais desde hai uns anos, as decisións do goberno central para aumentar a súa recadación pretendieron situarnos como defraudadores esixindo requirimentos inxustos a partir do ano 2012.

A gran mobilización social conseguiu que moitos emigrantes recuperaran o perdido por medio da disposición adicional da Lei 26/2014, pero aínda así hoxe continúan graves problemas de inxustiza fiscal que requiren de modificar a Lei 35/2006 pola que se regula o imposto sobre a renda das persoas físicas para conseguir un trato xusto. Precisamos que se estipulen normas claras, precisas e sobre todo xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro. Sería tamén necesario que se poña punto e final aos graves problemas derivados da inexistencia dun marco claro para o recoñecemento das pensións de invalidez.

En xaneiro de 2020 o noso colectivo ollou con gran esperanza o acordo impulsado polo BNG para votar favorablemente a investidura de Pedro Sánchez, onde se recollía literalmente "Durante 2020, serán adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira.

Así mesmo, tratarase o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas. "

Por desgraza, neste 2020 todas e todos sufrimos a pandemia do coronavirus, que se cebou especialmente cos máis maiores e que paralizou as nosas vidas. Desde o colectivo dos emigrantes retornados somos conscientes de que seguimos vivindo tempos difíciles e por responsabilidade non estamos a desenvolver a nosa actividade habitual de manifestacións e grandes actos. Somos persoas de alto risco, e iso impide nestes momentos desenvolver o noso

dereito a saír ás rúas en masa. Pero iso non pode significar que a nosa loita deixe de estar activa, pois seguimos sen unha solución e agora que temos que aprender a vivir coa pandemia, non podemos seguir agardando. Este é o motivo polo que nos diriximos a este concello para que se sume ás nosas demandas e axude a que a pandemia non silencie as nosas necesidades, dirixíndose ao goberno central e ao Congreso das e dos Deputados para pedir a pronta aplicación do acordo de xaneiro.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao goberno do Estado a cumprir co pacto de investidura co BNG e solucionar os problemas de discriminación fiscal cos/coas emigrantes retornados/as, durante o 2020.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en apoio ao colectivo de emigrantes retornados.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada e Instar ao goberno do Estado a cumprir co pacto de investidura co BNG e solucionar os problemas de discriminación fiscal cos/coas emigrantes retornados/as, durante o 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA PARA A COLOCACIÓN DUNHA CUBERTA E OUTRAS MELLORAS NA ESCOLA UNITARIA DE ARALDE:

Pola voceira do grupo político municipal de Marea da Vila retírase o asunto da orde do día do Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir procédese ao debate conxunto dos asuntos que figuran cos números 16, 17, 18 e 19 da orde do día, realizando a súa votación de forma independente

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA COMÚN EN NOME DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 19 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, a seguinte:

MOCIÓN EN NOME DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita contra o coronavirus non debe ser á conta da saúde xeral. A epidemia da COVID 19 xerou danos para a saúde da poboación, especialmente da máis vulnerable, como son as persoas con enfermidades debilitantes, agudas e crónicas e de maior idade. Nas primeiras etapas da pandemia, as camas hospitalarias e as UCIS, víronse presionadas pola acumulación de afectados/as, mentres que os Centros de Saúde destinaron unha gran parte da súa actividade a atender a enfermidade, informar á poboación, rastrexar, seguir a novos casos ou realizar numerosas actividades burocráticas relacionadas coa pandemia. Os recortes de recursos dos últimos 11 anos e as precarias condicións de boa parte do persoal sanitario, traballando en precario, saturaron os Centros. Co argumento de evitar o colapso dos hospitais, suspendéronse consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse arredor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas. Ao mesmo tempo, pecháronse centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituindo a consulta presencial pola telefónica (en moitos deles a única posibilidade de contactar coa poboación, con demoras de máis de 15 días) e reduciuse o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención. As Residencias de Maiores, concentraron a maior parte da mortalidade, dada as graves deficiencias das mesmas (denunciadas polo Consello de Contas) resultado da cesión pola Xunta, a fondos de investimento e multinacionais (que buscan o beneficio económico por enriba da seguridade). Persoas internadas nas mesmas, non recibiron atención normalizada nos centros de saúde e hospitais.

Nun primeiro momento a poboación, e os e as traballadoras sanitarias, entenderon a situación e aceptaron o confinamento nos seus domicilios e as limitacións de acceso á asistencia, como algo necesario para acabar coa pandemia. Co paso do tempo a situación evolucionou e aínda que a onda de contaxios, a virulencia do xerme e a mortalidade, reduciuse de maneira importante, mantense semi-paralizada a actividade hospitalaria, polo que as listas de espera creceron de maneira exponencial (o SERGAS mantenas ocultas para evitar que a poboación coñeza a gravidade da situación), mentres as persoas enfermas seguen descoñecendo as datas das súas citas de consultas, probas diagnósticas ou cirurxía.

As repercusións que esta falta de asistencia para morbilidad e mortalidade da poboación son imposibles de calcular por agora, pero en todo caso, serán importantes e cuestionan o dereito á protección da saúde da poboación. O incremento da mortalidade respecto a anos anteriores en Galicia é aínda difícil de coñecer (pola ausencia de información do SERGAS) pero estímase que un 40% é debida a enfermidades non relacionadas coa COVID.

Os concellos e outras administracións locais, a pesar de ser os representantes máis directos da poboación e contar con recursos para afrontar a pandemia foron ignorados polo goberno da Xunta, o mesmo que as organizacións sociais ou sanitarias. O SERGAS non proporciona información da incidencia de casos en cada localidade (utiliza unha escala de cores cuns rangos enormes que ocultan a situación real) impedindo así, coñecer os contaxios en cada municipio. O malestar social e profesional é cada vez máis elevado, a imaxe do sistema sanitario público empeza a sufrir unha profunda deterioración, crece a utilización do sector privado polos sectores máis potentes, do mesmo xeito que medran os seguros sanitarios (a 15 euros mensuais). Está en xogo o noso sistema de saúde público universal, accesible e equitativo.

Por todo isto, o grupo municipal de VILAGARCÍA EN COMÚN, no nome da PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO: Solicitar á Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario e para que garanta que os fondos estatais destínense a sanidade pública en Galicia.

SEGUNDO: Esixir que se poña fin as restricións de acceso aos Centros de Saúde, que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da poboación. A atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación.

TERCEIRO: Incrementar o persoal dos equipos de Atención Primaria, garantíndolle unhas condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas.

CUARTO: Acabar coa parálise dos servizos hospitalarios, para o que propoñemos crear circuitos separados para persoas con Covid e con outras patoloxías e abrir os centros pola tarde para acabar o máis pronto posible coa enorme lista de espera xerada durante a pandemia.

QUINTO: Dar participación aos concellos e os representantes da poboación na loita contra o COVID nas áreas sanitarias.

SEXTO: Desenvolver os instrumentos de participación social na sanidade, poñendo en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.

SÉTIMO: Proporcionar información real e actualizada, das persoas afectadas en cada localidade, para que os Concellos e a poboación, coñezan a transcendencia da pandemia e colaboren activa e responsablemente na súa solución.

En Vilagarcía de Arousa, 19 de outubro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais de Vilagarcía en Común e Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común en nome da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), e cinco votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5).

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada e:

PRIMEIRO: Solicitar á Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario e para que garanta que os fondos estatais destínanse a sanidade pública en Galicia.

SEGUNDO: Esixir que se poña fin as restricións de acceso aos Centros de Saúde, que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da poboación. A atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación.

TERCEIRO: Incrementar o persoal dos equipos de Atención Primaria, garantíndolle unhas condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas.

CUARTO: Acabar coa parálise dos servizos hospitalarios, para o que propoñemos crear circuitos separados para persoas con Covid e con outras patoloxías e abrir os centros pola tarde para acabar o máis pronto posible coa enorme lista de espera xerada durante a pandemia.

QUINTO: Dar participación aos concellos e os representantes da poboación na loita contra o COVID nas áreas sanitarias.

SEXTO: Desenvolver os instrumentos de participación social na sanidade, poñendo en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.

SÉTIMO: Proporcionar información real e actualizada, das persoas afectadas en cada localidade, para que os Concellos e a poboación, coñezan a transcendencia da pandemia e colaboren activa e responsablemente na súa solución.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA EN NOME DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA

GALEGA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 19 de outubro de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

MOCIÓN SOS PLATAFORMA POLA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

A epidemia da COVID 19 xerou danos para a saúde da poboación, especialmente da máis vulnerable, como son as persoas con enfermidades debilitantes, agudas e crónicas e de maior idade.

Nas primeiras etapas da pandemia, as camas hospitalarias e as UCIS, víronse saturadas pola acumulación de persoas afectadas, mentres que os Centros de Saúde destinaron unha gran parte da súa actividade a atender a enfermidade, informar á poboación, rastrexar, seguir a novos casos ou realizar numerosas actividades burocráticas relacionadas coa pandemia. Os recortes de recursos dos últimos 11 anos e as precarias condicións de boa parte do persoal sanitario, traballando en precario, saturaron os Centros.

Co argumento de evitar o colapso dos hospitais, suspendéronse consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas.

Ao mesmo tempo, pecháronse centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituindo a consulta presencial pola telefónica (en moitos deles a única posibilidade de contactar ca poboación, con demoras de máis de 15 días) e reduciuse o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

As Residencias de Maiores, concentraron a maior parte da mortalidade, dada as graves deficiencias das mesmas (denunciadas polo Consello de Contas) resultado da cesión pola Xunta, a fondos de investimento e multinacionais (que buscan o beneficio económico por encima da seguridade). Persoas internadas nas mesmas, non recibiron atención normalizada nos centros de saúde e hospitais.

Nun primeiro momento a poboación e o persoal sanitario, entenderon a situación e aceptaron o confinamento nos seus domicilios e as limitacións de acceso á asistencia, como algo necesario para acabar coa pandemia.

Co paso do tempo a situación evolucionou e aínda que a onda de contaxios, a virulencia do xerme e a mortalidade, reduciuse de maneira importante, mantense semi-paralizada a actividade hospitalaria, polo que as listas de espera creceron de maneira exponencial (o SERGAS mantenas ocultas para evitar que a poboación coñeza a gravidade da situación), mentres as persoas enfermas seguen descoñecendo as datas das súas citas de consultas, probas diagnósticas ou cirurxía. As repercusións que esta falta de asistencia para morbilidade e mortalidade da poboación son imposibles de calcular por agora, pero en todo caso, serán importantes e cuestionan o dereito á protección da saúde da poboación. O incremento da mortalidade respecto a anos anteriores en Galicia é aínda difícil de coñecer (pola ausencia de información do SERGAS) pero estímase que un 40% é debida a enfermidades non relacionadas ca COVID.

Os concellos e outras administracións locais, a pesar de ser os representantes máis directos da poboación e contar con recursos para afrontar a pandemia foron ignorados polo goberno da Xunta, o mesmo que as organizacións sociais ou sanitarias. O SERGAS non proporciona información da incidencia de casos en cada localidade (utiliza unha escala de cores cuns rangos enormes que ocultan a situación real) impedindo así, coñecer os contaxios en cada municipio.

O malestar social e profesional é cada vez máis elevado, a imaxe do sistema sanitario público empeza a sufrir unha profunda deterioración, crece a utilización do sector privado polos sectores máis potentes, do mesmo xeito que medran os seguros sanitarios (a 15 euros mensuais). Está en

xogo o noso sistema de saúde público universal, accesible e equitativo.

Como concellos de toda Galicia, Vilagarcía de Arousa non é allea a esta situación e estes días víamos as colas de persoas que agardaban ante o centro de saúde para concertar unha cita, situación que se agravou ao coincidir coa campaña de vacinación da gripe.

Por isto, SOS Plataforma pola Sanidade Pública Galega a través do Grupo Municipal Marea da Vila presenta a seguinte proposta de

ACORDO:

- 1.- Solicitar á Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario e para que garanta que os fondos estatais destínense a sanidade pública en Galicia.
- 2.- Esixir que se poña fin as restricións de acceso aos Centros de Saúde, que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da poboación. A atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación.
- 3.-Incrementar o persoal dos equipos de Atención Primaria, garantíndolles unhas condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas.
- 4.- Acabar coa parálise dos servizos hospitalarios, para o que propoñemos crear circuitos separados para persoas con Covid e con outras patoloxías e abrir os centros pola tarde para acabar o máis pronto posible coa enorme lista de espera xerada durante a pandemia.
- 5.- Dar participación aos concellos e os representantes da poboación na loita contra o COVID nas áreas sanitarias.
- 6.-Desenvolver os instrumentos de participación social na sanidade, poñendo en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.
- 7.- Proporcionar información real e actualizada, das persoas afectadas en cada localidade, para que os Concellos e a poboación, coñezan a transcendencia da pandemia e colaboren activa e responsablemente na súa solución.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais de Vilagarcía en Común e Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila en nome da Plataforma SOS Sanidade Pública Galega.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), e cinco votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5).

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada e:

- 1.- Solicitar á Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario e para que garanta que os fondos estatais destínense a sanidade pública en Galicia.
- 2.- Esixir que se poña fin as restricións de acceso aos Centros de Saúde, que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da poboación. A atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación.
- 3.-Incrementar o persoal dos equipos de Atención Primaria, garantíndolles unhas condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas.
- 4.- Acabar coa parálise dos servizos hospitalarios, para o que propoñemos crear circuitos separados para persoas con Covid e con outras patoloxías e abrir os centros pola tarde para acabar o máis pronto posible coa enorme lista de espera xerada durante a pandemia.

- 5.- Dar participación aos concellos e os representantes da poboación na loita contra o COVID nas áreas sanitarias.
- 6.-Desenvolver os instrumentos de participación social na sanidade, poñendo en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.
- 7.- Proporcionar información real e actualizada, das persoas afectadas en cada localidade, para que os Concellos e a poboación, coñezan a transcendencia da pandemia e colaboren activa e responsablemente na súa solución.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN SOLICITANDO PUNTO DE REALIZACIÓN DE PRBAS PCR NO HOSPITAL COMARCAL DO SALNÉS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 19 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, a seguinte:

MOCIÓN PARA A HABILITACIÓN DUN PUNTO DE REALIZACIÓN DE PRBAS PCR NO HOSPITAL COMARCAL DO SALNES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de marzo, en España estamos a vivir as consecuencias da Pandemia do virus SARSCOV-2, que despois dun tempo de aparente control das infeccións, rexorden con forza a partires do mes de xullo. Alcanzando nalgunhas zonas datos de infeccións incluso mais elevados que na primeira oleada declarada no mes de marzo.

Neste escenario, e ca finalidade de intentar atallar os gromos de infección canto antes, póñense en marchas medidas como a figura do Rastrexador para localizar os contactos estreitos da persoa infectada, e a realización de probas PCR para a confirmación dos casos positivos e proceder aos períodos de illamento e corentena das persoas contaxiadas. Todo elo co obxectivo de evitar ou cando menos minimizar a expansión da Covid 19.

De feito, no noso Concello de Vilagarcía de Arousa e na comarca do Salnés, están a detectarse unha incidencia maior que no primeiro momento do inicio da pandemia. Por elo dende a Xunta de Galicia decretáronse medidas mais restritivas que noutras cidades de Galicia, para intentar frear a curva de contaxios.

Este aumento de casos, leva aparelado un notable aumento no numero de persoas, que froito dos rastréxos dos contactos, ou ante a existencia de síntomas compatibles entre a poboación escolar, deben someterse a realización das probas PCR, sendo o Hospital Provincial de Pontevedra o único lugar habilitado na área sanitaria Pontevedra-Salnés para a toma de mostras para a realización destas probas mediante o sistema denominado Auto-Covid.

Parécenos que este obrigado desprazamento a Pontevedra de tantas persoas, ademais dun atraso en materia de mobilidade sostible, supón un importante trastorno para as familias das persoas que deben someterse a proba, xa que non se facilita de forma legal que nos traballos se concedan permisos para poder levar a maiores, ou menores a cargo, ata ese punto Auto-Covid en Pontevedra. Ou simplemente non se dispón dos medios para realizar ese traslado.

Creemos que é necesario, ante ese aumento da incidencia entre as persoas da comarca, e completamente xustificado que na área do Salnés se poda dispoñer dun punto de recollida de mostra e realización das probas PCR, para que resulte máis sinxelo acceder a esa proba a toda a cidadanía de Vilagarcía e da comarca do Salnés. Tendo en conta que esta comarca dispón do Hospital comarcal do Salnés, equipado con laboratorio de análises clínicos, parece doado e

razoable solicitar que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, proporcione os medios necesarios para que este Hospital do Salnés poda realizar as probas de PCR aos veciños e veciñas de Vilagarcía e comarca do Salnés, evitando así numerosos desprazamentos a cidade de Pontevedra.

E por elo, que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte proposta de ACORDO

PRIMEIRO: Solicitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, que o SERGAS habilite un punto de realización de probas PCR no hospital do Salnés ca máxima celeridade, para facilitar o acceso a esta proba a cidadanía da comarca do Salnés.

SEGUNDO: Dotar a este Hospital do Salnés dos medios necesarios, tanto de profesionais sanitarios como dos medios técnicos e de laboratorio, para que este servizo se poda desenrolar sen que iso supoña unha merma no resto de servizos e especialidades que xa se prestan neste Hospital Comarcal.

TERCEIRO: Instar a Mancomunidade do Salnés, ou no seu defecto directamente ao resto de concellos da comarca, que ao igual que en Vilagarcía, realicen a mesma solicitude a Consellería de Sanidade solicitando este punto de probas PCR no Hospital Comarcal.

En Vilagarcía de Arousa, 16 de outubro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal de Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común solicitando punto de realización de probas PCR no Hospital Comarcal do Salnés.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:Aprobar a moción presentada e:

PRIMEIRO: Solicitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, que o SERGAS habilite un punto de realización de probas PCR no hospital do Salnés ca máxima celeridade, para facilitar o acceso a esta proba a cidadanía da comarca do Salnés.

SEGUNDO: Dotar a este Hospital do Salnés dos medios necesarios, tanto de profesionais sanitarios como dos medios técnicos e de laboratorio, para que este servizo se poda desenrolar sen que iso supoña unha merma no resto de servizos e especialidades que xa se prestan neste Hospital Comarcal.

TERCEIRO: Instar a Mancomunidade do Salnés, ou no seu defecto directamente ao resto de concellos da comarca, que ao igual que en Vilagarcía, realicen a mesma solicitude a Consellería de Sanidade solicitando este punto de probas PCR no Hospital Comarcal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 18 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Moción sobre a reactivación da asistencia sanitaria

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto ás /ós profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria, como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían ás/ós profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus, fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, celadores/as ao límite, soportando unha presión tremenda. É imposíbel xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade. É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos/os clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato

200 millóns de euros.

4.-Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

6.- Reabrir de xeito inmediato o consultorio de Vilaxoán acondicionando o espazo necesario para desenvolver a actividade sanitaria con seguridade e garantías de saúde.

Vilagarcía de Arousa, 18 de outubro do 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a reactivación da asistencia sanitaria.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), e cinco votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5).

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada e instar á Xunta a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogas/os clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.-Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

6.- Reabrir de xeito inmediato o consultorio de Vilaxoán acondicionando o espazo necesario para desenvolver a actividade sanitaria con seguridade e garantías de saúde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN CONTRA A TRATA E A PROSTITUCIÓN, E POLO PECHE DE PROSTÍBULOS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data

de 19 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, a seguinte:

MOCIÓN CONTRA A TRATA E A PROSTITUCIÓN, E POLO PECHE DE PROSTÍBULOS EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prostitución, é unha forma de escravitude que ten a súa orixe nas desigualdades sociais e ha de ser entendida como unha manifestación máis de "violencia sexual". A súa situación de alegalidade contribúe á aceptación e á normalización do acceso dos homes ao corpo da muller a cambio de diñeiro. A penalización da demanda e do proxenetismo, ademais dos efectos positivos comprobados naqueles países nos que así se regulou, producirá un efecto de transformación social contribuíndo ao cambio de mentalidade da sociedade no seu conxunto e ao rexeitamento definitivo dun dos atentados máis graves á dignidade e a vida das mulleres que apontoa o patriarcado e perpetua a desigualdade.

Nos primeiros momentos da Pandemia unha vez decretado o estado de alarma pecháronse os prostíbulo e púxose en marcha un Plan de Continxencia elaborado polo Ministerio de Igualdade e coordinado coas CCAA para ofrecer recursos e alternativas ás mulleres en prostitución.

Implantáronse medidas que se asociaron ao plan de continxencia como facilitar a acreditación da condición de vítima de trata con fins de explotación sexual sen proceso policial ou xudicial para dar amparo ás mulleres na devandita situación, en colaboración coas organizacións e as CCAA. e tamén o modelo de resposta coordinada que se puxo en marcha entre marzo e xuño de 2020 para garantir a alternativa habitacional segura e a atención socio-sanitaria unha vez efectuáronse os peches.

O Ingreso Mínimo Vital non inclúe a todas as mulleres prostituídas. Atopáronse dificultades coas que están en situación irregular. É evidente que, se non se derroga a lei de estranxeiría, deixaremos fóra a moitísimas mulleres, especialmente ás máis vulnerables. Presionar para que o goberno derroque a lei de estranxeiría que é determinante para a maioría destas mulleres.

Consideramos que esta medida debe ser o inicio dunha ofensiva para actuar contra a industria proxeneta en España, para loitar contra a explotación sexual e contra a impunidade do proxenetismo no noso país dende a última reforma do Código penal en 2015.

E, todo iso, para garantir dereitos ás mulleres en situación de prostitución e ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Pero non podemos esquecer á figura do cliente porque sen clientes non hai prostitución e sen negocio da prostitución non hai trata.

As Comunidades autónomas teñen gran responsabilidade neste momento habilitando recursos que permitan a garantía sanitaria das mulleres que se atopan en situación de prostitución e a súa saída de tal situación, asegurando a súa supervivencia e procurando formación e orientación laboral.

Por outra banda, o Ministerio de Igualdade instou ás Comunidades Autónomas a garantir o peche dos prostíbulo de acordo ao pactado co Ministerio de Sanidade en materia de locais do chamado "lecer nocturno".

Tal como en declaracións expresou a ministra de igualdade: "este tipo de establecementos están a poñer en perigo a saúde e os dereitos das mulleres en prostitución nun grave contexto de crise sanitaria e as especiais características destes locais fan que o rastrexo de contaxios que poidan producirse sexa especialmente complexo"

E por elo, que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte proposta de ACORDO

PRIMEIRO: A adhesión á Rede de Municipios Libres de Trata, e instar a todos os municipios a que se unan á citada Rede [https:// redlibretrata. wordpress. com/](https://redlibretrata.wordpress.com/), para que non haxa nin un só municipio cómplice desta escravitude. Municipios abolicionistas que aplican ordenanzas que prohiben a mercantilización de seres humanos, penalizan soamente a demanda e atenden e protexen ás mulleres que sofren esta situación.

SEGUNDO: Instar o goberno de España para que se elabore unha lei contra a trata dende unha perspectiva abolicionista que inclúa a todas as mulleres en situación de prostitución e que tome de referencia lexislacións como a sueca que acabaron con trata para explotación sexual, ao

contrario do que pasou en Holanda ou Alemaña, países onde se regulou como un "traballo", onde non só aumentou trata para explotación sexual de mulleres senón tamén a prostitución infantil.

TERCEIRO: Instar o Goberno autonómico para que adopte medidas de loita contra trata e a prostitución e entre elas as seguintes:

- 1) Garantir o peche dos prostíbulos de acordo ao pactado co Ministerio de Sanidade en materia de locais do chamado "lecer nocturno".
- 2) Garantir o primeiro recurso habitacional para mulleres en situación de prostitución en locais de alterne acompañándoo con atención psicolóxica, orientación laboral e formativa.
- 3) Procurar formación específica para as profesionais dos centros da muller co fin de que poidan dar atención e derivación ás casas de acollida cando sexa necesario, así como habilitar de equipos de atención itinerantes para que esa atención chegue ás mulleres que doutro xeito non poden acceder aos recursos.
- 4) Establecer Programas de Capacitación laboral e Coordinación coas entidades que traballan directamente en situacións de prostitución.

CUARTO: Dar traslado da presente moción á Rede de Municipios Libres de Trata, á FEMP e á federación autonómica de municipios, ao goberno autonómico e ao Goberno de España.

En Vilagarcía de Arousa, 16 de outubro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal de Vilagarcía en Común informan favorablemente. As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común contra a trata e a prostitución, e polo peche dos prostíbulos.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada e:

PRIMEIRO: A adhesión á Rede de Municipios Libres de Trata, e instar a todos os municipios a que se unan á citada Rede [https:// redlibretrata. wordpress. com/](https://redlibretrata.wordpress.com/), para que non haxa nin un só municipio cómplice desta escravitude. Municipios abolicionistas que aplican ordenanzas que prohiben a mercantilización de seres humanos, penalizan soamente a demanda e atenden e protexen ás mulleres que sofren esta situación.

SEGUNDO: Instar o goberno de España para que se elabore unha lei contra a trata dende unha perspectiva abolicionista que inclúa a todas as mulleres en situación de prostitución e que tome de referencia lexislacións como a sueca que acabaron con trata para explotación sexual, ao contrario do que pasou en Holanda ou Alemaña, países onde se regulou como un "traballo", onde non só aumentou trata para explotación sexual de mulleres senón tamén a prostitución infantil.

TERCEIRO: Instar o Goberno autonómico para que adopte medidas de loita contra trata e a prostitución e entre elas as seguintes:

- 1) Garantir o peche dos prostíbulos de acordo ao pactado co Ministerio de Sanidade en materia de locais do chamado "lecer nocturno".
- 2) Garantir o primeiro recurso habitacional para mulleres en situación de prostitución en locais de alterne acompañándoo con atención psicolóxica, orientación laboral e formativa.
- 3) Procurar formación específica para as profesionais dos centros da muller co fin de que poidan dar atención e derivación ás casas de acollida cando sexa necesario, así como habilitar de equipos de atención itinerantes para que esa atención chegue ás mulleres que doutro xeito non poden acceder aos recursos.
- 4) Establecer Programas de Capacitación laboral e Coordinación coas entidades que traballan

directamente en situacións de prostitución.

CUARTO: Dar traslado da presente moción á Rede de Municipios Libres de Trata, á FEMP e á federación autonómica de municipios, ao goberno autonómico e ao Goberno de España.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

21.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA ARRANXO DE BEIRARRÚAS DE AVDA. DE CAMBADOS, AGUSTÍN ROMERO E ROSALÍA DE CASTRO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 15 de outubro de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN ARRANXO DE BEIRARRÚAS DE AVDA. DE CAMBADOS, AGUSTÍN ROMERO E ROSALÍA DE CASTRO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As beirarrúas das rúas Avenida de Cambados, Agustín Romero e Rosalía de Castro precisan dunha reforma íntegra. Estas beirarrúas, con moitos anos dende o seu último arranxo, precisan dunha reforma íntegra. Non cumpren coa Lei de Accesibilidade e nos tempos actuais de necesidade de espazo, precisan da súa ampliación.

Esta reforma íntegra deberá actuar tamén na rede de saneamento, de ser preciso, que pase por estas beirarrúas. Ademais adoecen pola falta de mantemento durante anos. Estes viais pertence á rede de estradas autonómica da Xunta de Galicia e presentan problemas de roturas nas losetas, falta de accesibilidade e mal estado en xeral.

A Xunta de Galicia leva anos sen facer ningún tipo de mantemento e mellora, polo que actualmente estas beirarrúas precisan dunha reforma íntegra. Co fin de garantir a seguridade dos peóns e de dar cumprimento á Lei de Accesibilidade o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a dotar nos seguintes Orzamentos da Comunidade Autónoma do vindeiro 2021 dunha partida para investir na reforma íntegra das beirarrúas de Avenida de Cambados, Agustín Romero e Rosalía de Castro.

2. Dar traslado deste acordo aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Asdo. Tania García Sanmartín

En Vilagarcía de Arousa a 15 de outubro de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para arranxo de beirarrúas de Avda. de Cambados, Agustín Romero e Rosalía de Castro.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do BNG para engadir levar a cabo as beirarrúas en Bamio.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP, engadindo o seguinte:

2.- Instar ao Goberno Central, á Deputación Provincial de Pontevedra e ó Concello de Vilagarcía á

reforma integral das beirarrúas das vías que sexan da súa titularidade nesta cidade.

3.- Dar traslado deste acordo ó Goberno Central, á Deputación Provincial de Pontevedra e ó Concello de Vilagarcía.

- O grupo político municipal do PSG-PSOE acorda aceptar a emenda do grupo político municipal do BNG e do grupo político municipal do PP so na parte de instar ao Goberno Central.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, coas emendas presentadas, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:Aprobar a moción presentada e:

1. Instar á Xunta de Galicia a dotar nos seguintes Orzamentos da Comunidade Autónoma do vindeiro 2021 dunha partida para investir na reforma integral das beirarrúas de Avenida de Cambados, Agustín Romero, Rosalía de Castro e Bamio.

2.- Instar ao Goberno Central á reforma integral das beirarrúas das vías que sexan da súa titularidade nesta cidade.

3. Dar traslado deste acordo aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e ao Goberno Central.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=21>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

22.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORA DO SERVIZO DE LIMPEZA, AUMENTO PERIODICIDADE RECOLLIDA VOLUMINOSOS E ERRADICACIÓN DE VERQUIDOS E PUNTOS NEGROS EN VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data 21 de outubro de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de outubro de 2020 a seguinte

MOCIÓN:

“Mellora no servizo de limpeza, aumento da periodicidade da recollida de voluminosos e erradicación de verquidos e puntos negros en Vilagarcía”

EXPOÑEN

O Partido Popular leva moito tempo esixindo do goberno socialista unha maior concienciación co problema da recollida do lixo e da limpeza de Vilagarcía.

Trátase de servizos básicos e prioritarios para a cidadanía, que sen embargo poden ser mellorados se se aposta por máis e mellores medidas de limpeza e unha óptima recollida do lixo e dos voluminosos.

Vilagarcía presenta múltiples deficiencias en todas e cada unha das súas zonas en parroquias. O centro e o rural coinciden en necesidades xerais e presentan urxencia para acometer traballos específicos adaptados a cada lugar. Hai moitos veciños que se queixan do resultado da limpeza e que demandan máis recursos, máis frecuencias e mellores resultados.

Actualmente estamos a padecer unha segunda onda da pandemia, feito que debería de multiplicar os esforzos pola limpeza e desinfección dos espazos de uso público. A cidadanía non

está percibindo ese esforzo extra, o que xera desconfianza no uso de zonas de lecer o de mobiliario urbano. Neste caso, as parroquias e o rural volven ser, como por desgraza é habitual, os máis abandonados.

No tocante á recollida de voluminosos, é indiscutible que nos últimos meses e anos é habitual ver cantidade de enseres, electrodomésticos e mobles tirados na rúa, á espera de ser recollidos. Moitas veces rexístranse estes feitos arredor da data estipulada para a súa recollida (o primeiro e o terceiro martes de cada mes), pero non sempre é así, polo que permanecen durante semanas á intemperie, dificultando moitas veces o tránsito dos peóns e incluso dos vehículos.

A cidadanía amosa un importante descoñecemento dos días e horarios nos que pode depositar o seu lixo de gran volume na rúa, e atopa dificultades para realizar o depósito dos voluminosos seguindo o procedemento normativo. Por iso sería clave facilitar o proceso e aumentar a frecuencia dos días de recollida.

Estas accións deberían de ir acompañadas por unha ou varias campañas de información cidadá na que se explique, de maneira sinxela e accesible, as normas para desfacerse dos obxectos que non poden ir ós colectores existentes.

Do mesmo xeito, vense detectando nas últimas datas a reaparición de ratas en distintos puntos da cidade. Recentemente a súa acción provocou graves danos á rede de comunicacións, o que afectou a un elevado número de usuarios, moitos deles profesionais desta cidade, que sufriron os efectos nos seus negocios. Existe unha importante hemeroteca fotográfica recente de ratas de importante tamaño en pleno centro da cidade, algo que non debería de ocorrer.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía

SOLICITA

- Que se aumente a frecuencia e a calidade dos labores de limpeza en todo o centro urbano e especialmente nas parroquias e no rural.
- Que se aumente a frecuencia do servizo de recollida de voluminosos para que a cidadanía poida facer uso del unha vez por semana.
- Que se poñan en marcha campañas de información cidadá sobre os horarios, días e canles para facer un bo uso do servizo de voluminosos.
- Que se extreme a limpeza e desinfección das zonas públicas e das áreas de lecer e mobiliario ata a fin da pandemia derivada do Covid-19.
- Que se erradique a presenza de ratas na cidade.

Ana Granja– Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora no Servizo de Limpeza, aumento periodicidade de recollida de voluminosos e erradicación de verquidos e puntos negros en Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal do PP, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora no Servizo de Limpeza, aumento periodicidade de recollida de voluminosos e erradicación de verquidos e puntos negros en Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=22>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

23.- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DE CULTURA DONA SONIA OUTÓN CASAL.

Dáse conta do acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 1 de outubro de 2020 de aprobación da solicitude de comparecencia a instancia do Grupo Político Municipal do PP en relación coas Festas de San Roque, na que se formulaban as seguintes cuestións para que a responsable municipal informe das xestións realizadas e das partidas afectadas:

- ¿Que actos/eventos previstos no programa de festas do verán 2020 puideron celebrarse e cales non? (Listaxe detallada, con datas e lugares).
- ¿Que razóns en concreto impediron a celebración de cada un dos eventos previstos?
- ¿Cantos espectadores tiveron cada un dos eventos organizados?
- ¿Houbo algún evento no que non se puidese controlar o distanciamento social do público asistente? ¿Cales e por que?
- ¿Cal foi o custo final de cada un dos eventos celebrados? (Listaxe detallada) ¿E en total?
- ¿Cal é a cantidade económica total prevista dos eventos non celebrados?
- ¿Houbo algún evento que non se puidese celebrar que sen embargo conlevase algún custo económico?. ¿Cales e por que?
- No caso de que houberse seguros contratados para determinados eventos, ¿cal foi a razón esgrimida polo goberno local e cal a resposta da/s compañía/s aseguradora/s en caso de suspensión dos actos?
- No caso do Combate Naval, que foi modificado o seu formato para despois ser suspendido: ¿Conlevou algún tipo de gasto? ¿A canto ascendeu? ¿A que se debeu?
- ¿O seguro contratado para o Combate Naval cubre a suspensión polas razóns aparelladas ós efectos da COVID-19?
- ¿Cales foron finalmente os gastos referidos á Noite Meiga? (Listaxe detallada)
- ¿Cal é o importe final pagado polas arcas municipais á SGAE referente ó programa de festas?
- ¿Que producións técnicas foron finalmente pagadas e cales non? (Listaxe detallada)
- ¿Que cantidade económica exacta se gastou do total da partida PRP2020/2698 (23.430,00€), pendente de xutificación? ¿E cales das actividades previstas se levaron a cabo e cales non?
- ¿En que datas se tomou a decisión de suspender/modificar os diferentes eventos previstos no programa de festas? (Listaxe detallada)
- ¿A iluminación de San Roque foi a inicialmente prevista? ¿A canto ascende o custo da iluminación finalmente instalada?

Pola Concelleira de Cultura Dona Sonia Outón Casal procédese a responder as preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=23>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

24.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=24>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

25.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos

incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas,o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=25>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

26.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=26>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

27.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20201029&punto=27>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.